



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio delegación das funcións da Alcaldía dende o 2 de xuño ao 10 de xuño de 2026, ambos os dous incluídos

ANUNCIO

O Alcalde, o día 1 de xuño de 2026, ditou a seguinte resolución con número 189/2026:

“RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE 2026/G003/000199. Delegación das funcións da alcaldía dende o 2 de xuño ao 10 de xuño de 2026, ambos os dous incluídos.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 63 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e do artigo 47 apartado segundo do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, sobre substitucións nas funcións de Alcaldía, e ante a miña ausencia da localidade dende o día 2 de xuño ao 10 de xuño de 2026, ambos os dous incluídos.

Conforme ao disposto nos artigos 47 e 44 do ROF e en virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, sendo competencia de Alcaldía, RESOLVO:

PRIMEIRO. Delegar en D. Alfredo Souto Castelo segundo Tenente de Alcalde as funcións da Alcaldía entre os días 2 de xuño e o 10 de xuño de 2026, ambos inclusive, producindo os seus efectos a partir das cero horas da indicada data.

SEGUNDO. Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

TERCEIRO. Publicar a presente resolución no BOP, conforme ao establecido no artigo 44 do ROF e dar traslado deste acordo aos interesados.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor

O que se publica para xeral coñecemento

Touro, 1 de xuño de 2026.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

2026/3667